

SORTEO DA “ENQUISA Á XUVENTUDE”: ANUNCIO DOS CUPÓNS GAÑADORES

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, celebrou este venres 14 de febreiro ás 10:00 horas o sorteo dos **premios** por ter participado na “**Enquisa á Xuventude**”, unha iniciativa destinada a coñecer as necesidades e inquiredanzas da mocidade da provincia para elaborar o **I Plan Estratéxico de Xuventude**.

A enquisa, que estivo dispoñible durante os meses de decembro de 2024 e xaneiro de 2025, contou coa participación de **1.765 mozos e mozas de entre 15 e 34 anos**. Como agradecemento á súa colaboración, todas as persoas participantes entraron no sorteo de dúas entradas para o **festival PortAmérica** e unha tableta **Lenovo Tab M10**.

O sorteo realizouse de maneira pública na Sala de Prensa do Pazo Provincial, e os códigos dos cupóns gañadores foron os seguintes:

Cupón premiado para **dúas entradas do festival PortAmérica**:
Tx1vAhAOcyblc4kHwnHjIw==

Cupón premiado para a **tableta Lenovo Tab M10**: ZP3KK/QIXfQtdtfPNm1BWw==

As persoas afortunadas deberán poñerse en contacto co Servizo de Xuventude e Reto Demográfico a través do correo xuventudereto@depo.es para xustificar a súa participación e comprobar o cumprimento dos requisitos (ter entre 15 e 34 anos e vivir na provincia de Pontevedra).

Desde a Deputación de Pontevedra queremos agradecer a todos os mozos e mozas que participaron na enquisa. A súa colaboración é fundamental para deseñar políticas públicas adaptadas ás necesidades reais da mocidade.